

{ENLAZARTE}



CRISTINA PATO

A música da inclusión

Comentar (0) Imprimir Enviar por correo



29.05.2017

A- A+

Hai seis anos que coñecín a María Batlle. Estaba sentada en primeira fila, na primeira edición do curso de verán sobre artes e paixón na educación que ofrecemos en colaboración coa Universidade de Harvard. Despois da clase, María contounos a idea pola que decidiu matricularse no noso curso...

María, artista dominicana, estaba traballando nun proxecto persoal sobre como visualizar a música na súa linguaxe plástica, un proxecto chamado The Muse Seek Project (literalmente “a búsqueda da musa” que lido en inglés ten unha pronunciación parecida á palabra Music). A súa idea era que como “non músico” encontraba unha inspiración increíble na escoita musical e estaba á procura do xeito de crear algo tanxible, visual para representala na súa linguaxe artística. Nese proceso de creación, como artista en residencia da Escola de Deseño e Artes de Altos de Chavón, na República Dominicana, decidiu ofrecerse como voluntaria para traballar nunha escola pública do programa de Escola Nacional de Xordos, e foi nese proceso, nese xesto no que a musa que buscaba apareceu: María, a artista, estaba buscando como visualizar a música, e segundo ela mesma, ao entrar na clase da escola nacional de xordos deuse conta de que eles estaban, de xeito natural, aprendendo a visualizar “a música” como linguaxe.

Hoxe escribo esta columna dende Santo Domingo, onde María Batlle, alumna curiosa e pasional é agora a presidenta da fundación que leva o seu nome, e a creadora dun proxecto revolucionario sobre como romper as barreiras entre os que oen e os que non: no que a música é a súa ferramenta. A fundación organiza expedicións para que os cativos sintan a vibración da música das baleas no mar, utiliza tecnoloxías doutros campos para traer a vibración do ritmo o máis preto

Participa



Envíanos tu carta



Envíanos tu foto denuncia

Así No

25.07.2017

Invasión de pintadas en el corazón de Santiago



Enésima caída por el mal estado de las aceras 24.07.2017



Pintadas en la cristalera de un local comercial 22.07.2017



Pintadas en pleno centro de la capital gallega 21.07.2017

posible do corpo, a través dos SubPac, un aparello orixinalmente creado para que os DJs sentisen a música de xeito diferente... María convertiuse, nestes últimos anos, nun catalizador sobre a inclusión, nunha líder pasional empeñada en cambiar a percepción da inclusión na educación a través da igualdade de oportunidades nas escolas para xordos da súa terra, utilizando a música como linguaxe.



Baches que se convierten en trampas para peatones
20.07.2017

E é por iso polo que estou hoxe aquí, traballando cos seus colaboradores, e entendendo en primeira persoa que é o que significa, para a súa comunidade, levar a cabo un proxecto destas características. E é por iso polo que cada vez que leo sobre iniciativas semellantes que se levan a cabo por todo o mundo, sinto que, cada vez máis, o cambio xérase dende dentro, dende dentro dun mesmo, encontrando esa musa, e dende dentro da comunidade, encontrando os colaboradores axeitados, e é por iso, polo que, cada vez máis, intento aprender das iniciativas que en diferentes aspectos da inclusión se están a levar a cabo en Galicia lideradas por artistas que, como María, deciden tomar as rendas do cambio: tan só espero que as nosas artistas encontren o apoio que realmente merecen para logralo.

Gaiteira e pianista

PROMOCIÓN ESPECIAL
SUSCRÍBASE A **elCorreoGallego**
2 diarios de referencia por el precio de 1

Escribe tu comentario

Para escribir tus comentarios en las noticias, necesitas ser usuario registrado. [Si no lo eres regístrate ahora](#)

Alias

Clave

Título

Comentario

1000 Caracteres disponibles

ENVIAR

www.elcorreogallego.es no se hace responsable de las opiniones de los lectores y eliminará los comentarios considerados ofensivos o que vulneren la legalidad.



Ante cualquier duda, problema o comentario en las páginas de El Correo Gallego envíe un e-mail a info@elcorreogallego.es
Titularidad y política de privacidad. Política de Cookies

© 2017 www.elcorreogallego.es ISSN:1579-1572.
Todos los derechos reservados. Prohibida la reproducción parcial o total del contenido sin la expresa autorización del propietario.

Auditado por:

